

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 25 de outubro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 27 de setembro e 11 de outubro de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes setembro de 2018.
3. Toma de coñecemento do informe do 3º trimestre 2018 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
5. Manifiesto 25 de novembro: “Desmontando mitos contra a violencia de xénero”.
6. Aprobación, se procede, da incoación do expediente de contratación, así como do Prego de Cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerá o procedemento aberto para adjudicar a prestación do contrato de servizos, suxeito a regulación harmonizada, denominado “Servizo de Axuda no Fogar Concello de Vilagarcía de Arousa”.
7. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario N° 03/CE/2018 e de cambio de finalidade de financiamento afectado N° 04/CF/2018.
8. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito extraordinario N° 04/CE/2018 para aplicación do superavit 2017.
9. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito n° 04/REC/2018.
10. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto N° 15/TC/2018.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a recuperación do Premio Literario de Poesía “Fermín Bouza Brey”.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a mellora de seguridade viaria, limpeza e saneamento no lugar de Faxilde.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación das medidas necesarias, nas diferentes instalacións municipais, para a separación de residuos.
16. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
17. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
18. Rogos e preguntas.
19. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 27 DE SETEMBRO E 11 DE OUTUBRO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria de 27 de setembro e extraordinaria de 11 de outubro de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21), as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria de 27 de setembro e extraordinaria de 11 de outubro de 2018.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2018: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2018:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Aprobación alta no Servizo de Axuda no Fogar Municipal vía urxencia
- 1 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Aprobación aclaracións e subsanacións Resolución – DECA de aprobación cofinanciación Programa FEDER 2014-2020
- 2 Aprobación de gasto taxa por publicación de anuncios en BOP e/ou DOG
- 1 Aprobación de gasto correspondente ás aportacións ao Plan de Pensións do mes de agosto
- 1 Designación Encargado Accidental do Servizo de Alumeado Público
- 1 Designación Tesoureira Accidental
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Concesión de gratificación especial por substitución e traballo de categoría superior
- 1 Bases de selección para creación de bolsa de traballo para profesorado de música na especialidade de Trompeta
- 1 Declaración situación de excedencia voluntaria empregada municipal
- 2 Acordo realización de trámite de audiencia por ausencias non xustificadas do posto de traballo.
- 1 Nomeamento de funcionario interino como subalterno
- 3 Autorización para realización evento/actuación ao aire libre
- 1 Denegación celebración evento/actuación ao aire libre

- 2 Aprobación plan de seguridade e saúde obras
- 8 Compensación de oficio de crédito e débito
- 8 Concesión de fraccionamento de recibos/liquidacións
- 15 Orde de pago de facturas
- 1 Aprobación de liñas fundamentais do Orzamento Consolidado do Concello para o exercicio de 2019
- 1 Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos
- 6 Aprobación relación de facturas
- 3 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 10 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos
- 2 Orde cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 25 Imposición de sanción por expediente sancionador de tráfico
- 1 Denegación de prórroga para realización de obras
- 1 Concesión de licenza municipal para obra menor
- 13 Aceptación de comunicación previa e documentación adxunta para execución de obras
- 3 Concesión de licenza municipal para obras de canalización
- 8 Concesión de licenza municipal para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
- 2 Concesión de licenza para cesión de terreos afectados por aliñacións
- 1 Concesión de licenza municipal para segregación de finca
- 2 Concesión de licenza municipal de obra maior
- 1 Conformidade a proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar
- 1 Concesión de licenza de primeira ocupación nave de nova construción

TOTAL: 139

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DO 3º TRIMESTRE 2018 DE MOROSIDADE, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2018, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.680.279,90	532.320,04
Investimentos reais	365.092,53	143.613,32
Outros pagos realizados por operacións comerciais		4.751,70
Sen desagregar		
TOTAL	2.045.372,43	675.933,36

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.283.448,48	274.826,23
Investimentos reais	288.377,56	74.014,17
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	64.147,82	5.881,57
TOTAL	1.575.973,86	354.721,97

Período medio de pago: 49,02 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	87.423,38	1.232,15
Investimentos reais	3.872,50	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	91.295,88	1.232,15

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	23.435,45	0,00
Investimentos reais	0,00	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	3.219,60	
TOTAL	26.655,05	

Período medio de pago: 39,76 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de D. Nestor Rego Candamil, representando ao grupo de 19 afectados pola denuncia da familia e da Fundación Francisco Franco, e en defensa do Patrimonio

Cultural do noso país, solicitando intervir na Moción presentada polo BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

A continuación polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratarse o asunto que figura co nº14 da mesma.

Intervén o Sr. Rego Candamil

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada coa data de 17 de outubro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político como xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.

Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (1), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE: “DESMONTANDO MITOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:
Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE:

“DESMONTANDO MITOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

Alguén debería preguntarse por qué conspiraban? Por qué se atreveron a disentir? Por qué unha delas provocou coa súa beleza a un ditador?

A 58 anos do asasinato das irmáns Patria, Minerva e María Teresa Mirabal, ordenado pola ditadura de Rafael Leónidas Trujillo, parecería un atrevemento facer eses cuestionamentos. Pero para moitas mulleres que hoxe son vítimas da violencia, ese tipo de preguntas son dardos frecuentes.

A violencia de xénero é unha das máis degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas, niveis económicos. Está presente en épocas de conflito e en tempos de paz, no fogar, no traballo e na rúa.

É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e o benestar común que todas e todos queremos na convivencia.

A violencia contra as mulleres desaparecerá cando as mulleres deixemos de ser cidadás de segunda e participemos de forma igualitaria na sociedade. Desaparecerá cando deixemos de estar á cabeza das cifras da pobreza, das listas de desemprego ou de sufrir a infravaloración dos nosos traballos e os problemas de conciliación da nosa vida persoal, laboral e pública.

Desaparecerá cando se deixe de usar a nosa imaxe como obxecto de consumo, cando as nosas palabras se escoiten co mesmo volume que as dos homes e cando se nos nomee e visibilice en todos os espazos sociais. Desaparecerá cando exista unha verdadeira educación non sexista, onde as nenas e os nenos teñan presente e futuro coas mesmas posibilidades.

A violencia de xénero afecta tanto ás mulleres que a padecen, como ás súas fillas e ós seus fillos, contorna familiar e á sociedade en xeral.

“As mulleres non se levan ben entre elas, sempre están a competir”, “A muller ten que ser nai para sentirse realizada”, “Dende que as mulleres saíron das súas casas, destruíronse as familias”, “Se el lle pega e ela se queda, é porque lle gusta”, “Os homes non poden frear os seus impulsos sexuais”, “Cando unha muller di que non, quere dicir si”.

Estes e outros moitos mitos sobre a violencia de xénero, son moitas das frases empregadas pola sociedade para opinar sobre os casos de violencia de xénero. Falsos argumentos empregados para escusar, minimizar e ocultar a existencia da violencia machista, pero ningunha violencia ten xustificación. Que serven para crear unha “loita de xéneros”, é dicir, de homes contra mulleres e de mulleres contra homes. Isto non é o que reclamamos. Reclamamos unha loita de xéneros pero de mulleres e homes que loitan xuntos contra a violencia de xénero, mulleres e homes que loitan xuntos por unha igualdade real.

As mulleres somos capaces de formar amizades fortes entre nós; a maternidade non debe de ser unha obriga nin un mandato, senón unha decisión tomada en liberdade, non somos menos mulleres por non querer ou non poder ter fillas/os; ao saír do ámbito privado, as mulleres gañamos autonomía e independencia, ao igual que o resto de integrantes da familia; hai moitos motivos polos que as mulleres soportan durante anos os malos tratos, como motivos emocionais, falta de apoio no seu entorno, descoñecemento dos seus dereitos e dos recursos para pedir axuda, etc pero non porque lles guste; os homes teñen desexos e impulsos sexuais que sempre poden controlar e, de non facelo, estarán exercendo a violencia sexual; cando as mulleres dicimos “non” queremos dicir “non”, e o varón que interprete o contrario estará exercendo violencia decidindo por nós.

A violencia de xénero non pode considerarse un problema exclusivo da esfera privada das mulleres; todas as Administracións Públicas e a sociedade en xeral, deben participar na erradicación desta lacra social. Xa non é un delito invisible, senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social.

No que vai de ano, segundo os datos oficiais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, 39 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex parellas. Segundo datos non oficiais, no 2018 levamos un total de 82 vítimas por violencia de xénero, incluíndo tanto ás mulleres, como ás nenas e ós nenos que quedaron orfos ou foron asasinadas/os pola violencia machista.

En total, son 963 mulleres asasinadas dende o 1 de xaneiro de 2003, cando se empezou a contabilizar.

Dende o Consello Local da Muller, queremos facer patente o noso rexeitamento á violencia de xénero e a nosa aposta por modelos alternativos de convivencia, baseados no respecto e na igualdade.

- Queremos recordar a todas as mulleres asasinadas pola violencia machista e expresamos as nosas condolencias ás súas familias, ademais de apoiar e loitar por todas as mulleres que sofren violencia cada día.

- Reiteramos a tolerancia cero contra calquera acción violenta contra as mulleres.

- E esiximos ás Administracións Públicas que a violencia de xénero se teña en conta nas súas axendas, que se visibilice a nivel xudicial, penal, político, xurídico, económico, social... e que se garanta unha igualdade efectiva e real entre mulleres e homes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes na Comisión infórmase favorablemente o Manifesto do 25 de novembro: Desmontando Mitos contra a violencia de xénero.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25 de novembro: Desmontando Mitos contra a Violencia de Xenero.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, ASÍ COMO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS QUE REXERÁ O PROCEDIMENTO ABERTO PARA ADXUDICAR A PRESTACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A INCOACIÓN DO EXPEDIENTE CO OBXECTO ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O servizo de Axuda no Fogar, en adiante SAF, é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia, dende unha perspectiva integral e normalizadora, no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio natural. No catálogo de Servizos Sociais a axuda no fogar constitúese como un servizo ou actuación básica de carácter esencial.

É obxecto do contrato a prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das competencias municipais, tendo en conta a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, á Lei 39/2006, de 14 de decembro de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar e nos termos previstos no Regulamento do Servizo e nos pregos de licitación. Segundo consta no citado informe da Coordinadora de Servizos Sociais o concello non conta con medios materiais e humanos para a realización dos servizos que inclúe o contrato, que debe ser realizado por persoal especializado neste tipo de prestacións, do que este concello carece, polo que é preciso acudir á licitación do devandito contrato de servizos.

Con data 28 de agosto de 2018, dende a Consellería de Política Social se informa que ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndelle, a través do Plan de Apoio á Dependencia da Xunta de Galicia, un incremento de horas anuais de 16.173 horas, co correspondente financiamento segundo o Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e a orde do 31 de maio de 2016. Polo tanto, as horas que teremos dispoñibles para o SAF para persoas dependentes valoradas ascenderán a 55.581 horas anuais, o que supón un incremento do 43%, xunto coas 5.880 horas anuais na modalidade básica.

Este incremento supón un valor estimado de 5.662.816,07€, para un contrato cunha duración de 4 anos, coa posibilidade dunha prórroga por un ano máis, así como a posibilidade de modificación nun 5% do prezo de licitación (IVE excluído), e dicir 217.800,62€, que pretende atender a posibilidade de aumento de horas dentro do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia e/ou dentro da prestación básica do SAF.

Este valor estimado de 5.662.816,07€, en aplicación do establecido na Disposición Adicional segunda punto 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, en adiante LCSP, atribúe a competencia como órgano de contratación ao Pleno da Corporación, debendo tramitarse o expediente de contratación por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada (artigo 22.1.c) LCSP)

Vistos os artigos 17 e 306 en relación co anexo IV da LCSP, e tendo e conta que, de acordo coa disposición adicional segunda de dito Texto Refundido o valor estimado do contrato, incluídas as prórrogas e posibilidade de modificación do mesmo, excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, sendo o Pleno da Corporación o órgano competente

Polo que antecede esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA** e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por te un valor estimado superior a 750.000,00€ e ter como obxecot os servizos sociais (artigo 22.1.c) LCSP)

2.a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado “Axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de prescrición técnicas particulares (prego técnico) e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo o aplicación orzamentaria 231-22725. do orzamento municipal.

d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratos do Sector Público.

O Alcalde Presidente

3º.- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito **Nº 15/TC/2018**, será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE

Asdo.: Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto Nº 15/TC/2018.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

1º.- A aprobación do expediente de transferencias de crédito **Nº 15/TC/2018**, segundo se propón no expediente que, en conxunto son as seguintes, sendo o total de Altas de Créditos igual ás Baixas:

APLICACIÓNS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

APLICACIÓN	DENOMINACION	IMPORTE BAIXA
163-22700	LIMPEZA E ASEO-CONTRATO LIMPEZA VIAIRIA	45.000,00
TOTAL BAIXAS.....		45.000,00 €

APLICACIÓNS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACION	IMPORTE ALTA
453-22699	ESTRADAS-OUTROS GASTOS DIVERSOS	20.000,00
454-210	CAMIÑOS MEDIO RURAL- REPAR. INFRA. E BENS NAT.	20.000,00
4591-22199	PRAIAS-OUTROS SUBMINISTROS	5.000,00
TOTAL ALTAS.....		45.000,00 €

2º.- Expoñer ao público o expediente de transferencia de crédito **Nº 15/TC/2018** mediante anuncio publicado no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

3º.-Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de crédito **Nº 15/TC/2018**, será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, PARA A RECUPERACIÓN DO PREMIO LITERARIO DE POESÍA “FERMÍN BOUZA BREY”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada coa data de 16 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer par a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de 25 de outubro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO PREMIO LITERARIO DE POESÍA “FERMÍN BOUZA BREY”
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1992, o Día das Letras Galegas foille dedicado á figura do poeta e investigador Fermín Bouza-Brey e con tal motivo tres concellos decidiron convocar o “Premio de Poesía Fermín Bouza Brey”, dirixido a poetas noveis. Concretamente, os Concellos de Pontearreas, Cortegada de Baños e o de Vilagarcía de Arousa.

Isto foi así durante tres edicións, dende 1992 ata 1994. Posteriormente, e despois de varios anos, o Concello de Vilagarcía de Arousa, decide en 2001 convocar con carácter bianual o “Premio de Poesía Concello de Vilagarcía – Centenario de Fermín Bouza Brey”.

Non debemos esquecer que Fermín Bouza Brey naceu o 31 de marzo de 1901 en Pontearreas, pero con poucos días foi trasladado a Vilagarcía, onde pasou toda a súa infancia e xuventude e na que seu pai, Luis Bouza, exercía xa un importante labor no medio cultural e xornalístico.

A importancia de Fermín Bouza Brey para a localidade foi máis alá da súa traxectoria literaria, xa que tamén tivo un papel destacado na investigación do Castro de Aobre, xacemento que senta as orixes de Vilagarcía de Arousa. Ao cultivo das letras tamén se dedicaron seu irmán, Luis Bouza Brey, os seus fillos José Luis e Fermín Bouza Álvarez e o seu sobriño, Gonzalo Bouza-Brey Villar.

Durante as tres primeiras convocatorias do certame, foron premiadas persoas que nalgún caso conseguiron a través do certame publicar a súa obra e logo continuar con múltiples publicacións. Nomes como: Rafa Villar (Cee) premiado en 1992 con Liques na memoria; Isolda Santiago (Mazaricos) premiada en 1993 con Flor de tan mal Xardín, ou Yolanda Castaño (Santiago) premiada en 1994 con Elevar as pálpebras.

Xa nas edicións de Vilagarcía de Arousa gañaron o certame: en 2001 Enma Pedreira (A Coruña) con Cadernos d’amore os velenos; en 2003 Xurxo Alonso (de Vilagarcía, nado en Bos Aires) con Cidades de area; en 2005 Xerardo Quintiá (Friol) con Poesía en ruta, e en 2007 David Souto (Vilagarcía de Arousa) con A árbore seca.

Na edición de 2009, a decisión do xurado foi a de deixar deserto o premio, co compromiso do entón concelleiro de Cultura de Vilagarcía, Sr. Castro Ratón, de acumular a contía do premio para o da seguinte edición, que debía ter lugar en 2011, pero que, por desgraza, non se chegou a celebrar.

Estes dous Grupos Municipais, temos o convencemento de que a existencia dun certame de poesía como era este, sitúa a Vilagarcía de Arousa nunha fronte importante en defensa da nosa cultura, e concretamente no apartado da poesía galega. Non por nada, moitas figuras gañadoras deste certame, por non dicir todas, foron e seguen sendo referentes importantes da literatura galega, tanto en poesía como tamén en relato curto e relato infantil.

O Certame foi a plataforma para empezar a publicar, como exemplo Yolanda Castaño, pois a primeira publicación que consta na súa biografía é precisamente a obra coa que gañou o certame en 1994, Elevar as Pálpebras.

Polo tanto, pola súa relevancia, pola súa repercusión, e como achega desta vila á defensa e a aposta pola nosa cultura, a nosa poesía e a nosa lingua, estes grupos municipais, propóñenlle ao Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Retomar a celebración do Certame de Poesía en Galego, Premio Concello de Vilagarcía de Arousa “Centenario de Fermín Bouza Brey” coas mesmas motivacións e condicións de participacións coas que se viña desenvolvendo.

2.- Que a celebración do que será o VI Premio de Poesía Centenario de Fermín Bouza Brey, coincida o próximo ano co aniversario do ilustre literato, é dicir, a máis tardar o 31 de marzo de 2019, 10 anos despois da súa última edición.

Vilagarcía de Arousa, a 15 de outubro de 2018.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a recuperación do Premio Literario de Poesía “Fermín Bouza Brey”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría e

1.- Retomar a celebración do Certame de Poesía en Galego, Premio Concello de Vilagarcía de Arousa “Centenario de Fermín Bouza Brey” coas mesmas motivacións e condicións de participacións coas que se viña desenvolvendo.

2.- Que a celebración do que será o VI Premio de Poesía Centenario de Fermín Bouza Brey, coincida o próximo ano co aniversario do ilustre literato, é dicir, a máis tardar o 31 de marzo de 2019, 10 anos despois da súa última edición.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, PARA A MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA, LIMPEZA E SANEAMENTO NO LUGAR DE FAXILDE: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada coa data de 16 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer par a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de 25 de outubro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA, LIMPEZA E SANEAMENTO NO LUGAR DE FAXILDE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a veciñanza de Faxilde, por boca de particulares e de representantes da Asociación Veciñal, transmitiron as necesidades de melloras que existe nese lugar e puxeron especial atención entre outros a tres aspectos fundamentais como son a seguridade viaria, o saneamento e a limpeza.

No primeiro punto, compre recordar que en Faxilde está ubicado un centro educativo, o que, sobre todo en época escolar, motiva o tránsito de alumnos e alumnas deste centro polas diferentes rúas de Faxilde, rúas que non están precisamente provistas de beirarrúas axeitadas, e nas que mesmo existen treitos onde nin tan sequera hai beirarrúa. A isto débese sumar o tránsito de vehículos, que non sempre o fan de forma axeitada aumentando o risco de atropelo ou accidente con outros vehículos. É demanda da Asociación Veciñal de Faxilde a instalación de sinalización axeitada e a colocación de badéns ou pasos elevados que obriguen a reducir a velocidade dos vehículos.

No apartado de saneamento e limpeza, solicítase que o Saneamento sexa a todos os lugares e axeitado, pois está a provocar desbordamentos de auga, tanto de pluviais coma de fecais cando chove algo, non necesariamente en demasía, como acontece na Rúa Cortiñas, onde a acumulación de augas pluviais por unha canalización deficiente acaba vertendo nunha arqueta de augas fecais que acaba desbordada e botando por fóra, un problema facilmente solucionable cunha canalización de 50 metros que levase a auga pluvial en condicións ao seu colector correspondente.

En canto á limpeza da zona, a queixa máis xeralizada é que non se realizan os labores axeitados, e polo tanto hai unha acumulación de maleza que invade as zonas de tránsito peonil, como rúas e beirarrúas, o que dificulta o paso axeitado polas mesas. De feito a última limpeza que se recorda, tan só afectou ao percorrido da procesión, uns días antes das festas, feito absolutamente incompreensible ademais de insuficiente.

Polo tanto, baixo a premisa de que a zona de Faxilde é unha máis de Vilagarcía de Arousa, e que polo tanto merece as mesmas atencións e prioridades para preservar a salubridade das súas rúas, a seguridade viaria –tanto no apartado de vehículos – coma no de peóns –, estes grupos municipais, facéndose eco das xustas demandas das veciñas e dos veciños, propoñenlle ó Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

1.- Que todos os viais de tráfico rodado que circundan a zona escolar, sexan dotados de medidas disuasorias para moderar a velocidade dos vehículos, non superen os 30 km/hora, mediante a instalación

de sinalización axeitada, pasos elevados, ou badéns nas rúas Sobrán, Faxilde, Piorno, San Martiño, Cortiñas, do Xogo e Canto.

2. – Elaboración dun proxecto para a modificación, reparación ou instalación de rede de saneamento axeitada ás necesidades da zona, mantendo con caudal suficiente, e por separado, a recollida de augas pluviais e as fecais.

3.- Substitución, con carácter inmediato, da rede de distribución de auga potable que está construída con tubos de fibrocemento, polo seu alto risco de prexuízos para a saúde dos usuarios.

4.- Limpeza de vías e parcelas para que a maleza permita a utilización das zonas seguras para peóns polas beirarrúas e as marxes das rúas, e non provoque a proliferación de pragas nada beneficiosas para a saúde pública, tales como ratas ou serpes.

En Vilagarcía de Arousa, a 16 de outubro de 2018.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a mellora de seguridade viaria, limpeza e saneamento no lugar de Faxilde.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría e

1.- Que todos os viais de tráfico rodado que circundan a zona escolar, sexan dotados de medidas disuasorias para moderar a velocidade dos vehículos, non superen os 30 km/hora, mediante a instalación de sinalización axeitada, pasos elevados, ou badéns nas rúas Sobrán, Faxilde, Piorno, San Martiño, Cortiñas, do Xogo e Canto.

2. – Elaboración dun proxecto para a modificación, reparación ou instalación de rede de saneamento axeitada ás necesidades da zona, mantendo con caudal suficiente, e por separado, a recollida de augas pluviais e as fecais.

3.- Substitución, con carácter inmediato, da rede de distribución de auga potable que está construída con tubos de fibrocemento, polo seu alto risco de prexuízos para a saúde dos usuarios.

4.- Limpeza de vías e parcelas para que a maleza permita a utilización das zonas seguras para peóns polas beirarrúas e as marxes das rúas, e non provoque a proliferación de pragas nada beneficiosas para a saúde pública, tales como ratas ou serpes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE COMPROMISO DE QUE VILAGARCÍA CONTE CUNHA PARADA

DO AVE: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 17 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 25 de outubro de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE”

EXPOÑEN

Que Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que esta cidade sexa incluída no mapa de paradas do tren de alta velocidade AVE.

Que os vilagarciáns e os demais habitantes da comarca do Salnés (que superan a barreira dos 100.000) merecen estar conectados con Madrid e que Vilagarcía ten que ser a súa parada de referencia.

Que, sen dúbida, a disposición xeográfica das cidades galegas, entre as que se atopa Vilagarcía, evidencian que o trazado idóneo para este servizo é o eixo do Atlántico e non outras variantes polo interior como se barallaba e se defendía desde Vigo.

Vilagarcía sairá beneficiada ou perxudicada da decisión do Goberno Central para incluír ou non a esta cidade, a terceira da provincia en importancia, nas paradas do AVE. Esta decisión marcará sen dúbida o futuro desenvolvemento da cidade, funcionará como polo de atracción de turistas, fomentará o transporte dos vilagarciáns e permitirá que viaxeiros doutras zonas visiten a cabeceira da comarca e por extensión todo o Salnés, sempre e cando a decisión sexa a favor desta parada.

As últimas informacións e posicionamentos dos máximos dirixentes do Ministerio de Fomento alertan de que a aposta política pode pasar por deixar a Vilagarcía fóra deste mapa de paradas, o que se traduciría nunha perda de peso específico a nivel provincial e autonómico en un freo evidente ó futuro crecemento desta cidade, e por extensión da comarca.

Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para defender, desde diferentes estamentos e organismos, que Vilagarcía sexa incluída na rede de paradas do AVE, sobre todo cando xa existían compromisos anteriores dos dirixentes ministeriais de que esta cidade tiña que ter unha importancia destacada á hora de fixar estas paradas.

O anuncio dos prazos para as obras dos tramos Zamora-Pedralba de la Pradería e Pedralba de la Pradería-Taboadela, e os tempos previstos para os traxectos nas cidades de Ourense, Santiago, Pontevedra, Vigo, A Coruña, Ferrol e Lugo evidencian que Vilagarcía quedará illada dos plans do Goberno Central.

Desde a Mancomunidade do Salnés xa se deu un primeiro paso, despois do debate deste asunto, para reclamar ó Ministerio de Fomento que esta cidade conte cunha parada específica, recabando unha apoio unánime dos alcaldes da comarca.

Finalmente destacar que estamos ante unha oportunidade histórica para esta cidade e que este Concello ten que ser o primeiro en esixir ó Ministerio de Fomento que aposte decididamente pola parada do AVE en Vilagarcía.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía conte cunha parada propia do AVE.
- Instar ó goberno local a que dea traslado desta moción ós Concellos da Comarca do Salnés e á Deputación de Pontevedra para que sexa debatida nos seus respectivos plenos, se o consideran oportuno.
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e

- Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía conte cunha parada propia do AVE.
- Instar ó goberno local a que dea traslado desta moción ós Concellos da Comarca do Salnés e á Deputación de Pontevedra para que sexa debatida nos seus respectivos plenos, se o consideran oportuno.
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A DOTACIÓN DAS MEDIDAS NECESARIAS, NAS DIFERENTES INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada coa data de 17 de outubro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A DOTACIÓN DAS MEDIDAS NECESARIAS, NAS DIFERENTES INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, PARA A SEPARACIÓN DE RESIDUOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu tratamento no próximo Pleno Ordinario, a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A protección e conservación do medio ambiente converteuse nos últimos anos nunha crecente preocupación social e nun dos obxectivos esenciais das políticas públicas.

A protección do medio ambiente en canto ben colectivo, aínda que susceptible de goce individual, queda encomendada de forma principal pola lexislación vixente aos poderes públicos. Configúrase así unha función pública de coidado dos recursos naturais fronte ás actuacións que poidan lesionalo ou utilizalo de forma abusiva e irracional.

A produción mundial total de plástico en 2016 alcanzou as 335 millóns de toneladas. A esta cantidade hai que sumarlle as fibras sintéticas que se usan na roupa, cordas, ou outros produtos, que de forma conxunta representaron 61 millóns de toneladas ese mesmo ano. Estímase que en 2020 superaranse os 500 millóns de toneladas anuais, o que supoñería un 900% máis que os niveis de 1980.

Ata a actualidade fabricáronse uns 8,3 mil millóns de toneladas de plástico desde que a súa produción empezase sobre 1950, o que equivale ao peso duns mil millóns de elefantes. Tan só os fabricantes de bebidas producen máis de 500 mil millóns de botellas de plástico dun só uso cada ano. En Europa, a produción de plástico alcanzou os 60 millóns de toneladas en 2016.

España é o cuarto país da Unión Europea con maior demanda de plásticos, onde ata o 50% dos mesmos acabaron en vertederos en 2016. Existen moitos tipos de plásticos, aínda que o mercado está dominado por catro tipos principais:

- Polietileno (PE): Bolsas de plástico, láminas e películas de plástico, contenedores (incluíndo botellas), microsferas de cosméticos e produtos abrasivos.
- Polyester (PET): Botellas, envases, pezas de roupa, películas de raios X, etc.
- Polipropileno (PP): Electrodomésticos, mobles de xardín, compoñentes de vehículos, etc.
- Cloruro de polivinilo (PVC): Tuberías e accesorios, válvulas, fiestras, etc.

A maior parte dos plásticos empréganse na fabricación de envases, é dicir, en produtos dun só uso. En concreto en Europa a demanda de plásticos para envases foi do 39.9% en 2016. Posteriormente serán estes envases os obxectos de plástico que atopemos con máis frecuencia no medio ambiente, danando os

ecosistemas mariños. Se consultamos a páxina do SIRGA da Xunta de Galiza, vemos como as cifras non son menos significativas.

O artigo 45 da Constitución Española establece, como principio rector da política social e económica, o dereito de todos a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber dos poderes públicos, entre eles o municipio, de conservalo. En cumprimento do anterior e de acordo co bloque de constitucionalidade en materia

de medio ambiente aprobouse a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e

Chans Contaminados, que establece, por un lado, as competencias dos Entes locais en materia de residuos no seu artigo 12.5, concretando así o disposto nos artigos 25.2 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; e, por outro, na súa Disposición Transitoria Segunda, a obrigación das Entidades locais de aprobar ordenanzas que se adapten á devandita lei antes do 31 de xullo de 2013.

Do mesmo xeito, a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, no seu artigo 5, establece como competencias das entidades locais en materia de residuos, as seguintes:

1. As entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos, nos termos previstos na presente lei e na Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.

2. En particular, corresponde aos municipios:

a) Prestar, por si sos ou asociados, os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas súas respectivas ordenanzas e, no seu caso, plans de xestión de residuos.

Os municipios xestionarán os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais de forma directa ou indirecta.

b) Implantar sistemas de recollida selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

c) Chegar a acordos con quen produzan residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.

d) Elaborar os plans de xestión de residuos urbanos, de acordo co que, no seu caso, se estableza na presente lei e nos plans de residuos da Comunidade

Autónoma de Galicia.

e) Xestionar adecuadamente os residuos urbanos ou municipais abandonados en vías ou espazos públicos de titularidade municipal.

f) Vixiar, inspeccionar e sancionar no ámbito das súas competencias.

g) Exercer as competencias que, no seu caso, lle sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. Devandito exercicio poderá levarse a cabo directamente ou mediante a constitución e participación en entes supramunicipais ou doutra índole de entre os previstos no ordenamento xurídico.

Tendo todo isto en conta e facéndonos eco da reivindicación da peña “Fondo bar Cortegada”, seguidora do club de baloncesto feminino A.D. Cortegada; entendemos que, en pleno século XXI cun problema real na produción de residuos plásticos, (entre outros) non é comprensible que nas instalacións municipais non existan os medios necesarios para que os usuarios poidan facer un uso responsable no tratamento do lixo. Instalacións municipais como pavillóns deportivos, onde se xera gran cantidade de residuos plásticos, é imprescindible contar con contenedores ou papeleiras que posibiliten a separación dos mesmos. Do mesmo xeito, nun momento no que no Concello de Vilagarcía de Arousa se está a facer unha grande aposta pola compostaxe, non se entende que nos edificios municipais non existan os medios necesarios para separar os residuos orgánicos dos plásticos ou outro tipo de residuos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita deste Pleno da corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

- Redactar de xeito inmediato a Ordenanza municipal de tratamento de residuos.

- Dotar os edificios públicos dos medios para poder facer un separación dos residuos e así un tratamento responsable do lixo.

- Negociar coa empresa concesionaria da limpeza dos edificios públicos a adaptación do material de traballo das/dos traballadoras/es para que poidan efectuar a separación dos diferentes tipos de lixo.

Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a dotación das medidas necesarias, nas diferentes instalacións municipais, para a separación de residuos.

- **Sendo as 20:20 horas auséntase o Sr. Mouriño Santiago.**

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e

- Redactar de xeito inmediato a Ordenanza municipal de tratamento de residuos.
- Dotar os edificios públicos dos medios para poder facer un separación dos residuos e así un tratamento responsable do lixo.
- Negociar coa empresa concesionaria da limpeza dos edificios públicos a adaptación do material de traballo das/dos traballadoras/es para que poidan efectuar a separación dos diferentes tipos de lixo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- **Incorpórase o Sr. Mouriño Santiago.**

18. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181025&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:45 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.